

ASISTENTES:

**Alcalde:**

D. José Luis García López

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Torreiro González

D<sup>a</sup>. Aurora Varela Duro

D. Miguel Sánchez Varela

D. Xosé Luis Fernández Segade

D. Antonio Orois Valiño

D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D.<sup>a</sup> Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D<sup>a</sup>. Begoña Balado Conde

**Secretario:**

D. Juan Colmenares López-Soldado

**ACTA**

En Arzúa, a 27 de xuño de 2014.

Sendo as 20.10 horas, reúnense no Salón de Sesiós da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Non asistindo a esta sesión a concelleira do BNG dona M<sup>a</sup> Pilar Castro Vallo.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA:

***Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA PENÚLTIMA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 30 DE ABRIL DE 2014.***

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

B) CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL:

Antes de pasar á rolda de Rogos e Preguntas, o Sr. alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que se achegaba coa convocatoria desta sesión, e que non teña cabida na rolda de rogos e preguntas (*que coincide co punto 1º e único do apartado B) Control e Seguimento da xestión municipal, da orde do día desta sesión*).

Manifestando:

- A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que desexaba presentar unha moción, para instar á Xunta de Galicia a eliminación do artigo 41 apartado c) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e

- O Sr. Orois Valiño (do PP) que o grupo político do Partido Popular tamén desexa presentar outra moción, sobre a imputación polo Xulgado de Instrucción nº 1 de Lugo, do Sr. alcalde e doutros membros do actual goberno e do anterior goberno, en relación cun presunto delito de prevaricación/malversación de fondos.

Polo que se procedeu a tratar sobre as referidas mocións:

**MOCIÓN 1ª**.- Presentada pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) **para instar á Xunta de Galicia a eliminación do artigo 41 apartado c) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, de Emprendemento e da competitividade económica de Galicia.**

Sendo o texto de dita moción o seguinte:

*“As comisións de festas teñen sido historicamente en Galicia o instrumento que tradicionalmente teñen creado os veciños para organizar as festas das súas parroquias ou barrios. Calquera que tivera contacto cunha delas sabe o moito de esforzo e altruísmo que aportan os seus compoñentes á hora de facer realidade as necesidades festivas dos seus pobos; sendo un exemplo claro de colaboración e participación cidadá á hora de atender demandas colectivas.*

*Neste contexto, o pasado día 27 de decembro, O Diario Oficial de Galicia publicaba a Lei 9/2013, do 19 de decembro, nomeada “do emprendemento e da competitividade económica de Galicia”. Nesta disposición legal inclúese unha nova regulación para a concesión de licenza a determinadas actividades de espectáculos públicos e actividades recreativas, e ao seu tenor, no artigo 41, letra c) sinálase que será precisa a obtención de licenza para “a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles”.*

*Este artigo afecta directamente, e dun xeito moi negativo, á labor que desenvolven as comisións de festas, que vense obrigadas a levar a cabo uns trámites administrativos complexos e custosos diante dos Concellos á hora de organizar, baixo criterios de estrita legalidade, as festas locais, o que dificulta a súa labor, xa de por si complicada.*

*Baste dicir que se lles obriga a presentar un proxecto, asinado por técnico competente, no que se determine o axuste das festas á normativa urbanística e sectorial, e que estableza determinacións sobre prevención e seguridade en incendios. Tamén teñen que presentar, entre outra documentación, plan de emerxencias, plan de auto protección, estudo da mobilidade xerada, estudo de impacto acústico e dispositivo de asistencia sanitaria. (art. 42 da sinalada lei).*

*Nin que dicir ten que, a Xunta de Galicia ao impoñer estas obrigas, manifesta o seu descoñecemento da realidade das festas parroquiais e de barrio no noso País, así*

*como do xeito de organizarse e traballar das comisións veciñais de festas, e pon en moi serio perigo a continuidade destes actos festivos populares.*

*Mais alá deste inxente prexuízo aos cidadáns, non é menor o que se lle causa aos sectores profesionais que se moven ao seu redor: orquestras e grupos musicais, axentes de espectáculos, feirantes, empresas de atraccións de feira, hostalaría local, etc.*

*Esta é unha clara mostra dunha disposición legal innecesaria que, como nos ten acostumados a Xunta de Galicia con moitas das súas normas, non só non resolve problema algún, senón que directamente crea un de enorme transcendencia.*

*Por último non podemos menosprezar os efectos negativos que xera esta norma a gobernos municipais e ás súas estruturas administrativas, que se están vendo obrigados a aplicar unha disposición a todas luces innecesaria e impopular, cargándose, en tempos de penuria das arcas municipais, de mais traballo e custes.*

*Por todo o anterior o grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE presenta ao Pleno a seguinte proposta de acordos:*

*1º.- Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas para a modificación da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia, eliminando do seu texto o disposto no artigo 41, apartado c), no que se refire á obriga ás comisións de festas de obtención de licenza para a celebración de festexos populares.*

*2º.- Dar traslado do presente acordo aos grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Alternativa Galega de Esquerdas e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, a fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ao acordado neste punto.”*

Xustifica a Sra. Balado Conde a urxencia de debater e aprobar no seu caso, agora, esta moción pola problemática que se lles está poñendo ás comisións de festas coa aplicación da normativa que se aprobou en decembro do pasado ano.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción.

Adoptándose –por seis votos a favor (5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos restantes seis concelleiros asistentes do PP-, o acordo de considerar xustificada a urxencia; polo que, en consecuencia procedeuse a pasar ao debate e votación da moción.

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que os integrantes das comisións de festas veñense queixando do papeleo que teñen que facer por culpa desa nova normativa; e as comisións de festas xa teñen

moitos problemas para crearse e para facer as festas, e máis nun tempo de crise no que non estamos para moitas festas.

- Que varias comisións de festas das parroquias de Arzúa, cando falou con algúns dos seus integrantes comunicáronlle a problemática que están padecendo con respecto ao papelo que ten que realizar e os atrancos que se lles poñen.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que hai moi pouco tempo para debatir este tipo de moción, pero hai unha cousa que parece de sentido común: o ano pasado unha persoa morreu aplastada por un escenario e noutra persoa prendeu lume.

- Que pensa que cando un técnico ten que facer un proxecto para a prevención e seguridade ou un plan de emerxencia para evacuación, non está falando dunha festa pequena de aldea, senón doutros tipos de espectáculos que requiren medidas de seguridade, e para iso están os técnicos.

- Que non coñece a casuística completa para determinar se é necesario un plan de seguridade avalado por un técnico ou un plan de emerxencia ou calquera outro que certificase a seguridade dun escenario.

- Que, cando un vai montar un andamio nunha casa, necesita un proxecto de andamio e que cumpra a normativa europea; e supón que as normas irán neste sentido non só aquí en Galicia, senón en España e no resto de Europa, pero como o descoñece non vai votar en contra da Xunta de Galicia, porque non consideramos que sexan unhas medidas desproporcionadas en moitos casos.

\* Do alcalde para expoñer:

- Que a problemática que está habendo no noso concello e no resto está producindo certo desconcerto nas comisións de festas, porque se ben moitas das cousas que se están pedindo xa se pedían antes, engádense agora unhas novas condicións, sen o cumprimento das cales non se vai poder dar unha licenza; o cal causa unha desgaña nas comisións de festas.

- Que o pedir unha memoria dun técnico, segundo o tipo de espectáculo, non sería moi complicado de facer; pero si se pide un boletín eléctrico fai falta outro técnico, e para facer o plan de emerxencias outro; e isto supón un custo adicional, que para a maioría das comisións de festas é inasumible.

- Que é certo que é importante a seguridade, pero cre que se deberían intentar diferenciar máis o tipo de festas e adaptar un pouco a normativa.

- Que tampouco se especifica moito en que consistiría o plan de emerxencias, e se hai que ter unha ambulancia ou máis cousas.

- Que aquí neste concello esta normativa crea un problema engadido, porque as festas nas parroquias subvencionanse con 600 euros, e esa subvención non se vai poder dar se a festa non se fai con licenza, porque a interventora non o vai permitir.

- Que festas pequenas son todas, a excepción daquelas que teñen un palco fixo; porque se é necesario un palco móbil fai falta que presenten toda a documentación prevista na nova normativa.

\*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que é moi normal que haxa unhas proteccións, polo perigo que se pode acarrear, pero tamén que toda a documentación que se esixe é innecesaria nunha parroquia de 30 habitantes.

- Que xa é complicado facer unha festa, para que por encima se esixa o cumprimento de tanta normativa, porque non estamos falando de cidades grandes nin de grandes festivais.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que habería que ir á casuística, e cre que ás veces un proxecto técnico ou un informe técnico avala unha seguridade; porque se hai unha desgraza vai haber alguén a quen dirixirse.

- Que, en canto ao problema do papeleo, vai haber quen o solucione, porque o pode facer unha xestoría.

\*Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que tal como está a normativa, que non concreta demasiado, cre que se crea un problema á hora de poder conceder unha licenza.

- Que cando nos presentan unha documentación de ITV dos vehículos ou do escenario, quen nos dí que a ITV é realmente a do vehículo que vén á parroquia; necesitaríamos un técnico que fora a cada parroquia, para controlar que a documentación que se presenta no concello é a que se corresponde realmente, porque ao final o alcalde é o que asina, e remata sendo considerado responsable de todo; e estamos chegando a un punto en que ninguén vai querer ter responsabilidade de nada, porque ao final os técnicos teñen medo de asinar informes se non teñen claras as cousas; e para que estea todo claro hai que facer un montón de inspeccións nas festas que se fan.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación a ordenanza as dúas propostas de acordo que contén esta moción.

Adoptándose –por seis votos a favor (5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do Partido Popular- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas para a modificación da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia, eliminando do seu texto o disposto no artigo 41, apartado c), no que se refire á obriga ás comisións de festas de obtención de licenza para a celebración de festexos populares.

**Segundo**.- Dar traslado do presente acordo aos grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Alternativa Galega de Esquerdas e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, a fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ao acordado neste punto.

**MOCION 2ª**.- Presentada polo grupo político do Partido Popular, a través do seu voceiro o Sr. Orois Valiño, **sobre a imputación polo Xulgado de Instrucción nº 1 de**

**Lugo, do Sr. alcalde e doutros membros do actual goberno e do anterior goberno, en relación cun presunto delito de prevaricación/malversación de fondos.**

Sendo o texto de dita moción o seguinte:

*“Respetando como no cabe de outra forma a presunción de inocencia reconecida en nuestra Constitución, sí se considera que el Señor Alcalde y los miembros del gobierno municipal que se hallan en situación similar, si así lo consideran, deberían dar una explicación al Pleno sobre la noticia que en el día de la fecha publican los diarios La Voz de Galicia y El Correo Gallego.*

*No se pretende en modo alguno prejuzgar a nadie, sino una mera y sencilla explicación de cómo se ha podido llegar a esta situación actual dentro del ámbito puramente político.*

*Confiamos plenamente en la Justicia y tenemos la convicción de que ésta sabrá dar una respuesta adecuada a la situación planteada y con la esperanza de que si no pudiera ser todos, de los que reiteramos su presunción de inocencia, por lo menos la mayoría salgan indemnes de las imputaciones.*

*No parecemos errar cuando consideramos que, al ser retransmitidos los plenos por Radio Arzúa, se debe como mínimo dar una pequeña explicación a la ciudadanía en señal del respeto que siempre se le ha tenido, y con intervención de los distintos portavoces acorde con la medida que exige el momento.”*

Manifesta o Sr. Orois Valiño que a urxencia de debatir e aprobar no seu caso, agora, esta moción dedúcese do seu contido.

Intervén o Sr. alcalde para indicar que cre que a explicación que se pide na moción podía formularse no apartado de Rogos e Preguntas desta sesión, sen necesidade de presentar ningunha moción pero, como tampouco quere dar a impresión de que non quere dar explicacións, non ten ningún problema en que se vote a urxencia de tratar agora esta moción.

En consecuencia co indicado, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora esta moción.

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- o acordo de considerar xustificada a urxencia.

Polo que o Sr. alcalde indicou que se ía pasar ao debate e votación de dita moción.

---

Realizándose deseguido as seguintes intervencións:

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que esta moción basease nas noticias publicadas no xornal, e nós estamos disgustados porque afecta a compañeiros doutros partidos e nalgúns casos hai certa amizade.

- Que as cousas non se fan ben de todo e no mes de xullo do ano pasado, cando o grupo político do PP presentou unha moción que tamén se refería a un presunto delito de malversación, fixemos varias preguntas, e unha delas foi ¿que documentación existía no concello sobre as obras de pavimentación das dúas rúas da urbanización “O Cobelo”, e como foi sufragado o custo desas obras e en que partida presupuestaria constaba?

- Que un ano depois non recibimos resposta ningunha, porque nos dixeron que non había documentación sobre este tema, e pensa que seguramente foi porque non se sabía dela.

- Que chega un momento en que resulta que parece que o Partido Popular é o culpable de instar calquera denuncia, cando resulta que é do propio concello de onde sae a documentación e de onde saen copias de facturas que se publican nos medios de comunicación.

E quere dicir que o Partido Popular nunca tivo eses documentos, polo tanto hai alguén que está utilizando documentos do concello, co obxecto de presentar no Xulgado de Instrucción nº 1 de Lugo a documentación que nós non tivemos en ningún momento.

- Que nos gustaría saber como é posible isto, porque nós temos certas dúbidas de como chega esta documentación á prensa.

- Que como xa se pediu noutra sesión, pedimos agora que se mande ao xulgado copia da acta de sesión onde se tratou a moción que presentou o grupo político do Partido Popular sobre presuntos casos de corrupción que poideran ser constitutivos de delito, porque por parte do alcalde quedouse en que se enviaría, e cre que non se enviou; polo que roga outra vez que se remita ese acta se se considera oportuno.

- Que cada un ten que asumir a súa responsabilidade, e el confía na presunción de inocencia da maioría das persoas que se indican na prensa.

\* Da Sra. Balado Conde ( do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que aínda que desde o Partido Socialista municipal non presentamos ningunha moción, si tiñan pensado preguntar –no apartado de Rogos e Preguntas desta sesión– sobre a noticia publicada nos medios de comunicación, porque cre que sería bo que o alcalde explicase mais ou menos a situación referida a este asunto; porque, aínda que é un tema que corresponde ao sistema xudicial, todo o mundo é inocente mentres non haxa unha sentenza que declare a culpabilidade.

- Que hai dúas formas de ser chamado a declarar no Xulgado: unha como testemuña e outra como imputado, e é a xustiza quen ten que determinar esa situación.

- Que desde logo desde o Partido Socialista municipal respetamos todo o proceso xudicial.

\* Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que quere dicir agora que se trata dunha obra de asfaltado de dúas rúas que se fixo antes das Eleccións Locais de 2011, e naquela época el non estaba de alcalde; e as dúas facturas de ditas obras aprobáronse nunha sesión da Xunta de Goberno Local celebrada en decembro de 2010 e noutra sesión de decembro de 2011, na que xa estaba el de alcalde.

- Que a factura que se aprobou estando el de alcalde non ten informe negativo de Intervención, polo cal esa factura aprobouse.

- Que ás sesións da Xunta de Goberno Local van as facturas que teñen o visto e prace de Intervención, e se hai algún problema con algunha factura exponse o problema antes da súa aprobación.

- Que neste caso non hai un informe de reparo de Intervención, polo tanto estaba ben pagada.

- Que outras explicacións terán que dalas outras persoas, como por exemplo porque se fixeron esas obras..., porque a el non corresponde dar esas outras explicacións.

- Que está bastante tranquilo, porque se se fai unha obra e non hai informe de reparo do departamento de Intervención a factura hai que pagala.

- Que esa factura aprobouse en decembro de 2011 e fixose o pagamento en marzo de 2012, en medio do pago doutras facturas por importe de 784.000 euros, que estaban pendentes de pago cando o Goberno sacou a lei de pago aos provedores.

- Que se a xuíz considera que ten que ir a dar explicación das cousas, e segundo lle explicaron os do Seprona: ou vas como testemuña ou vas como imputado sen detención, que sería o noso caso, ou con detención.

De maneira que se hai unha persoa que te acusa dalgo, aínda que non sexa verdade, xa tes que ir a declarar como imputado.

-Que se pagou unha factura sobre a cal non había ningún informe de reparo.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que claramente asume o que se dixo: que foi aportar documentación sobre Aquages, pero non hai ningunha documentación do Sr. Orois Valiño sobre este caso, polo que se vos imputa. E considera que esa documentación tivo que saír do concello porque ao grupo político do Partido Popular lle foi negada, xa que sempre se dixo que non existía; polo tanto agora aparecen unhas facturas que nós pedimos no ano 2013.

- Que hai que mirar como sae a documentación do concello e chega á prensa, porque alguén tivo esa documentación na man; e hai que mirar de custodiar a documentación que hai no concello e facilitarlle aos concelleiros a documentación que soliciten porque representamos aos cidadáns de Arzúa.

- Que cada un ten que ser consecuente co que fai, e nós neste caso non podíamos facer nada, porque non tiñamos nada que aportar ao xuíz; polo tanto non poden culpabilizar ao Partido Popular por algo que non fixemos. Seguramente houberámolo feito, pero tiñamos que ter a documentación que non tivemos.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que na sesión que celebramos o ano 2013, cando se tratou da moción presentada polo grupo político do Partido Popular sobre presuntos casos de corrupción, falábase das obras de pavimentación das rúas da urbanización O Cobelo; logo dalgunha maneira alertouse sobre este tema.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que non nega que conste en acta esa referencia, pero tamén consta que por parte do grupo político do BNG e da concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Balado Conde, non houbo ningún apoio a esa moción.



- Que a documentación que se negou, despois saíu do concello; e pregunta ¿como saíu unha fotocopia desa documentación en El Correo Gallego?; unha documentación que nunca se entregou ao Partido Popular.

- Para indicar á Sra. Balado Conde que non se pode sembrar ningún tipo de dúbida, pero hai alguén que tiña acceso a esa documentación e entregouna a unha periodista para que saíse publicada na prensa.

\* Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que a encargada do arquivo e o secretario saben que el nunca pediu esa documentación, e hai moitas cousas das que se está enterando agora coa investigación.

- Que lembra como en anteriores lexislaturas se presentaba documentación do propio concello, que non se sabía moi ben porque chegaba ás mans dos concelleiros; e iso ocorreu sempre.

- Que hai uns días dou as ordes para que se cambiara a pechadura do Arquivo, e agora só a encargada ten as chaves e ninguén máis.

-Que se a imputación vale para que dunha vez por todas se acabe esta maneira de facer política, e de rebanchas e vinganzas en Arzúa, e para que se poida facer unha política como en calquera sitio normal, benvida sexa a súa imputación.

E se ten que ser inhabilitado por pagar unha factura, que non ten informe negativo de Intervención, considerarao inxusto pero asumirao.

E non realizando mais intervencións en relación coa moción presentada, a Corporación Municipal quedou enterada das explicacións dadas polo Sr. alcalde.

### *Punto 1º) **ROGOS E PREGUNTAS.***

Polo Sr. Orois Valiño (do PP) formulase o seguinte **ROGO** ao Sr. alcalde:

Saíu na prensa o desprezo que se fixo ao Presidente da Deputación Provincial e á Conselleira dona Rosa Quintana, porque o alcalde non foi o acto de inauguración da ponte da Regada; consideramos que o alcalde actuou como se fora un acto de partido, cando debería de ser un acto como alcalde de Arzúa; e se había algo que criticar podíase manifestar doutra forma, pero por cortesía debeu de ir á inauguración desa ponte, que pagou a Deputación e a Consellería.

E neste caso os veciños de Arzúa non están moi contentos, cre que o alcalde ten que obrar como alcalde de todos e non como alcalde do Bloque Nacionalista Galego.

Por iso formula un rogo ao Sr. alcalde, para que pida disculpas se considera que obrou mal ou que puido obrar doutra forma, porque é de ben nacidos ser agradecidos e unha rectificación honra ás persoas.

Responde o Sr. alcalde:

-Que a el o que lle transmitiu a xente foi o contrario, e se feriu a sensibilidade dalgún votante do Partido Popular sínteo moito.

- Que considera que era o que tiña que facer, despois da tomadura de pelo que tivemos durante un ano e pico, e o Sr. Orois Valiño é testemuña de cousas que ocorreron e que non deberon ocorrer nunca.

- Que sabedes que algunha persoa do Partido Popular, e non de Arzúa, obrou con moi mala fe neste tema.

- Que cre que o Presidente da Deputación douse conta de que cometeu un erro facendo caso a unha persoa do seu partido.

Estívonos tomando o pelo e, o día da inauguración do centro de AMARAI en Boimorto, non pode decirlle que está moi cabreado con el por non asistir ao acto de inauguración. Ese non é un acto dun presidente da Deputación, senón fomos á inauguración foi por a súa culpa. Puidosenos adiantar os cartos cando asinamos o convenio, e non o fixo. E tampouco asistiu por apoiar ao alcalde de Santiso.

E non habendo máis asuntos de que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 21.10 horas do indicado día, estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.